

Buenos Aires 28-8-1972.

Sr. Xenaro Mariñas del Valle.

La Coruña

Benquerido amigo:

!Que ledicia ao recibir a túa carta!- Deica agora as túas verbas, ao meu xuicio, son as mais axeitadas encol dos meus traballos poéticos tan sinxelos.- Craro está que a túa estimación é super-valorativa; pero si acertaches, é de que xeito, cara a miña intención.-

Non quero devolverche os teus eloxios; pero insisto que é unha verdadeira lástima que non pubriques poesía; ese final da glosa de "rosa sen rosa, só espiña" impresionoume moito.


Tamén é unha pena que o prólogo a "Jacobusland" da edición de Os Castros, non á escribiras tí.- A túa carta é un verdadeiro ensaio sobre os meus versos que enxamais poderei agradecerche bastante.- Os meus fillos, xa casados, que son arxentinos pero falan e cantan en galego, pedíronme copias fotostaticas da túa carta para conservar nos seus respectivos arquivos, como lembranza.-

A miña arela, agora, é que o novo libro "Serán", poida ter interés para tí; agardo con moita impaciencia o teu xuicio, que será para mín moi importante, pola túa cultura e pola túa sensibilidade.- Pero aínda non sei cando sairá do prelo pois nonbteño noticias.

Si téés interés en algún escritor o poeta destas terras cujos libros é difícil que cheguen ahí, prégoche, con toda confianza, pedirmos, pois para mín será un verdadeiro placer serche útil.- Non podes imaxinarche canto sigo lamentando non haber podido darche unha aperta persoal, co galo da miña viaxe; pero ó destiño e así.

Gracias, moitas gracias, meu querido Mariñas, pola túa carta, tan fermosa carta, e perdóame esta tan deslabazada, pero tan fondamente sentida.-

Unha aperta forte, forte de,



BARRACAS

Puden nacer nun barrio sinxelo de Barracas,  
bulir devagariño nesa casona baixa.

Longo patio frolido de baldosas rosadas,  
no fondal un alxibe, acarón dunha parra.

Puden nacer nun barrio sinxelonde Barracas.

E cheguei dunha terra verdegal e lonxana.

(de "Serán")

(Barracas, como imaxinarás, é un barrio humilde de Buenos Aires.)